



Canle de WhatsApp do Concello de As Somozas

Procedemento para darse de alta e baixa

Para xestionar a alta na canle de WhatsApp do Concello das Somozas os interesados ou interesadas deben:

- 1. Gardar como contacto no seu móbil o número 604 065 320.**
- 2. Enviar un WhatsApp co texto 'ALTA'.**
- 3. Logo, recibirán unha mensaxe confirmando a alta no servizo.**

Con este procedemento, os usuarios/as dán o seu consentimento para recibir desde o Concello das Somozas tanto información de servizo, como diferentes novas da xestión municipal e tamén incidencias ou datas de eventos deportivos, culturais, etc.

Para darse de baixa, os usuarios e usuarias, deberán enviar unha mensaxe ao WhatsApp co texto "**BAIXA**" e deixarán de recibir a información.

Método de difusión

Os usuarios e usuarias do servizo non poderán ver os datos e información do resto de persoas xa que as novas se envían a través dunha lista de difusión.

O Concello de As Somozas é o administrador do servizo, co que será o propietario do mesmo e desde onde se remitirán as mensaxes.

Normas de uso

É unha canle de comunicación unidireccional polo que as persoas que se dean de alta no servizo non poderán enviar mensaxes de resposta nin realizar consultas.

Ao darse de alta no servizo acéptanse as condicións e normas de uso expostas. O incumprimento das normas suporá a baixa automática por parte do administrador.